

1.3 Mercado e investimento

As competencias en materias de mercado de telecomunicacións recaen nun órgano de ámbito estatal: a Comisión do Mercado das Telecomunicacións. Este órgano non fai públicos datos de mercado desagregados por comunidade autónoma, polo que a información que se desenvolve de seguido é relativa ao conxunto do Estado.

A análise dos servizos fixos atendendo á tecnoloxía de acceso e grupo de operadores amosa a predominancia do operador dominante nos mercados principais –telefonía básica, banda larga xDSL–, nos que aínda mantén cotas no contorno do 80% por número de accesos.




Figura 19: Accesos por tipo de servizo e grupo de operadores en 2005

Fonte. *Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones* ⁽⁶⁾

As cifras representadas no gráfico anterior son as que se resumen na seguinte táboa:

	Telefónica	Operadores cable	Resto	Total
RDSI básico	1.023.257	19.047	17.859	1.060.163
RDSI primario	28.867	16.499	8.452	53.818
Telefonía básica	15.468.639	1.937.362	1.431.056	18.837.057
Televisión por cable	0	1.193.990	533.940	1.727.930
TV-IP	56.445	0	0	56.445
Banda larga XDSL	2.708.636	78.460	434.760	3.221.856
Banda larga cablemódem	-	969.212	155.893	1.125.105
Banda larga PLC	-	0	2.329	2.329
Banda larga LMDS	0	0	2.676	2.676
Banda larga wifi	0	-	555	
Outros servicios	0	1.501	2.720	4.221
Total	19.285.844	4.216.071	2.590.240	26.092.155

Táboa 7: Accesos por tipo de servizo e grupo de operadores en 2005
 Fonte. Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones ⁽⁶⁾

Deseguido analízanse estes datos nos tres principais ámbitos de mercado.

1.3.1 Concentración no mercado residencial

Atendendo ás liñas en servizo, Telefónica segue sendo o operador dominante, cunha cota de mercado por riba do 80%. En Galiza, R conta cunhas 140.000 liñas en servizo, acadando unha cota no ámbito estatal do 1,1%. Pódese aproximar o cota de R considerando que o total de vivendas principais en Galiza é de 794.000; isto outorgarlle ao operador galego unha cota de mercado residencial do 18%.




Figura 20: Cota de mercado residencial atendendo ás liñas en servizo no 2005
 Fonte. Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones ⁽⁶⁾

Por outra banda, atendendo á telefonía móbil –mercado global: residencial e empresarial–, a repartición de cotas de mercado é máis equilibrado, conservando

Telefónica algo menos da metade dos usuarios españois.




Figura 21 Cota de mercado de telefonía móbil por cliente
 Fonte. Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones ⁽⁶⁾

1.3.2 Concentración no mercado empresarial

O mercado empresarial reflicte o mesmo dominio de Telefónica que no caso residencial, fornecendo o 88% do total de liñas en servizo.




Figura 22: Cota de mercado empresarial atendendo ás liñas en servizo no ano 2005
 Fonte. Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones ⁽⁶⁾

No mercado galego, segundo a información feita pública pola Fundación R, a repartición das cotas, atendendo á facturación, estaría moito máis repartido.

Telefónica segue sendo o operador dominante, pero cunha cota por baixo do 50%; R sería o operador alternativo, cun 32% da facturación. Os restantes operadores presentes en Galiza repartiríanse un 18% do negocio.

Operador principal de telefonía fixa




Figura 23: Cotas do mercado galego empresarial.

Fonte. Fundación R ⁽⁷⁾

Segundo esta mesma fonte, no que se refire a telefonía móbil Telefónica ten algo máis da metade do mercado empresarial galego, por riba de Vodafone (34%) e de Amena (16%). Esta distribución é semellante ás cotas globais dos operadores móbiles no conxunto do Estado.




Figura 24: Cota de mercado de telefonía móbil nas empresas galegas

Fonte. Elaboración propia a partir de datos da Fundación R ⁽⁷⁾

1.3.3 Concentración no mercado no contorno público

Finalmente, o informe Reina 2005 indica que o 36% dos gastos en servizos de telecomunicacións da Administración Xeral do Estado corresponde a gastos en telefonía fixa, o 29% a gastos en telefonía móbil e o 28% a transmisión de datos e texto.

Se analizamos as cifras por empresa subministradora, o Grupo Telefónica acapara o 87% dos gastos en servizos de telecomunicacións –moi próxima á súa cota de mercado empresarial–, seguida moi de lonxe por BT Ignite España (4%).

Operador	Miles de euros	%
TELEFÓNICA (GRUPO)	257.955	87%
BT IGNITE ESPAÑA	13.190	4%
VODAFONE	3.076	1%
AUNA TELECOMUNICACIONES	890	0%
BECHTLE	319	0%
TERRA NETWORKS	42	0%
SERMICRO	39	0%
HEWLETT PACKARD ESPAÑOLA, S.A.	35	0%
GRUPO ONO	31	0%
OUTROS	19.604	7%
Total	295.181	100%

Táboa 8: Gasto en servizos de telecomunicacións por parte da Administración xeral do Estado 2004

Fonte. *Ministerio de Administraciones Públicas* ⁽⁸⁾

1.3.4 Investimento en infraestruturas de telecomunicacións

O investimento no sector de telecomunicacións retomou no ano 2004 a tendencia alcista que se truncara no ano 2000, no que se acadou a cifra histórica máis alta de investimento.




Figura 25: Ciclo de investimento da economía española e do sector das telecomunicacións
 Fonte. Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones ⁽⁶⁾

No ano 2005, ademais de manterse a tendencia alcista no que toca ás redes móbiles, obsérvase un cambio de tendencia no investimento en redes fíxas, que pode vir derivada da necesidade de desenvolvemento de redes IP, e o probable despregamento de redes WIFI e WIMAX, así como polo proceso de converxencia que demanda aportar novos servizos de valor engadido á cadea de valor.




Figura 26: Distribución dos ingresos por servizos finais
 Fonte. Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones ⁽⁶⁾

Como se observa na figura anterior o esforzo inversor non é mais que o reflexo da

distribución dos ingresos por parte dos operadores, onde a telefonía móbil e os servizos de datos/Internet medran sostidamente a costa da telefonía fixa.




Figura 27: Evolución do tráfico e ingresos redes fixas e en redes móbiles 2000-2004
Fonte. Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones ⁽⁶⁾